



## CEFERINO DÍAZ

### Cambios para todos

"O PP tenta camuflar os supostos casos de corrupción sementando dúbidas sobre a imparcialidade das forzas de seguridade". **Páxina 7**



## XOSÉ MANUEL BEIRAS

### Kirchner, ou a fin da impunidad

"En só catro anos de mandato, Kirchner rompe coa dependencia servil da metrópole imperial e do FMI, e aborda a recuperación da soberanía económica e política". **Páxina 3**



## CAMILO NOGUEIRA

### Diversidade nacional e sentenza do TC

"Os poderes do Estado teimaron en negar o significado diferencial e democrático do autogoverno das nacións periféricas". **Páxina 6**

# Galicia Hoxe 31

ÚNICO DIARIO EN GALEGO

## GALEUSCA ALERTA DE QUE A INDUSTRIA CULTURAL DE GALICIA ESTÁ EN RISCO

Escritores vascos, cataláns e galegos denuncian que a política de investimentos "nos fai retroceder á época preautonómica" **Páx. 30**



**Preto de seis mil atletas corren hoxe a Pedestre do Grupo Correo**

**Páxina 24**



## O SÉCULO DE DON RICARDO

"A Xunta debería sentir vergoña por esquecer a relevante data do centenario do nacemento de Ricardo Carvallo Calero", lamentou a deputada na-

cionalista Ana Pontón na inauguración dun monólito en Santiago, onte, en memoria do intelectual galeguista, por iniciativa da Fundación Meendinho. **Páxina 29**



Marta Sánchez, cantante

**Marta Sánchez: "Non sei se tería mercado un disco meu en galego"**

LEGER / Caderno central



## Altermundo

**Reacción social en Europa fronte os duros axustes que impon o FMI**

Caderno central



ESTAMOS EN TEMPORADA  
de **caza**  
Especialidad en perdiz  
Menor y mayor



Mesón Restaurant  
**A Roda**

RESERVE SU MESA

Bodega:  
Vinos selectos gallegos

C/ Rodríguez de Viguri, 9 - Santiago / Tel. 981 58 70 50 - 981 56 16 37 - Fax. 981 58 50 36

**CONGRESO** Os escritores galegos, vascos e cataláns reunidos no Galeusca critican que a política da Xunta pon en risco a industria cultural do país

# Ao nivel do castelán


**Nas adaptacións ao cine de obras literarias, os autores séntense "menosprezados", di o catalán Manel Bonany**

Redacción · Santiago

O nivel creativo e o tecido industrial conseguido polos escritores vascos, cataláns e galegos nas súas respectivas literaturas non se corresponde coas políticas estatais que só privilexian unha parte da realidade cultural do Estado español. Esta é a reivindicación do Congreso Galeusca, que onte comezou na cidade herculina.

Ander Iturriotz, Guillem-Jordi Graells e Cesáreo Sánchez, presidentes respectivos das asociacións de escritores vascos, cataláns e galegos, respectivamente, coinciden na aspiración de obter un recoñecemento en pé de igualdade dos sistemas literarios que representan, ó considerar que mais alá de cada realidade social, a suma das tres literaturas, en éuscaro, catalán e galego, está ó nivel da literatura en español.

Ademais, neste encontro que remata o vindeiro día 1 de novembro, e en relación coa realidade actual galega, criticase a estratexia do novo clima político tendente a pór en risco á industria cultural do país, con sectores que poden desaparecer por



Ander Iturriotz, pola dereita, Cesáreo Sánchez e Guillem-Jordi Graells

## 'ATADOS' ÁS HISTORIAS

### Angueira: "A literatura é unha cadea"

A segunda mesa redonda da xornada, titulada *As viaxes na literatura*, moderada por Xulio L. Valcárcel, contou coa participación de Urtxi Urrutikoetxea, Ignasi Riera e Anxo Angueira. Angueira considerou que a literatura resulta unha viaxe, "pero tamén é unha cadea, unha prisión na que vivimos fechados, fechados na linguaxe e na súa

función poética, fechados na escritura e no libro durante toda a nosa vida. E aínda así, que valioso nos resulta o libro -afirmou-, que indispensable nos é a escritura, que libres nos fai a literatura para seguirmos avanzando na viaxe das nosas vidas e na dura, na áspera, na esperanzada viaxe das nosas nacións negadas".

mor dunha política de investimentos que "nos fai retroceder á época preautonómica".

Na primeira das mesas redondas celebradas nesta primeira xornada, titulada *A literatura como fornecedora de contidos da industria cultural: a literatura e o audiovisual*, coordinada por Raúl Veiga, o realizador galego Hector Carré considerou que "non só debemos considerar a literatura como fornecedora da industria audiovisual, senón os escritores e o proceso de escrita como pezas fundamentais na fabricación de calquera produto audiovisual". "Ademais -engadiu-, tanto a industria cultural en xeral como a literatura en particular, teñen un mesmo obxectivo: reflectir a vida da colectividade á que representan e da que se nutren".

Pola súa banda, o catalán Manel Bonany sinalou que "as imaxes que amosan esta vida simulada, para manter engaiolado o espectador, teñen que nos explicar unha historia. E somos os autores quen as forxamos -engadiu-, quen imaxinamos mundos, personaxes, tramas, diálogos, pensamentos, accións... No traspaso destas historias ás pantallas os autores a miúdo nos sentiremos menosprezados ou imos menosprezar a obra audiovisual resultante. Estamos no reino do ego e en cada un deles manda un rei que ve a realidade dun xeito determinado e a miúdo excluínte". ●